




...a cidade en que despertaron os seus sentidos



A Torre de Hércules de Picasso. A Coruña, 1895. (.8)

Cabeza (autorretrato evocativo) de Picasso. París, 1945.

En outubro de 1891, a familia Ruiz Picasso chega á cidade da Coruña procedente de Málaga. Pablo está a piques de cumprir 10 anos e vén seguindo o cabeza de familia, José, que obtivo praza de profesor na Escola Provincial de Belas Artes da Coruña, situada moi preto da rúa Paio Gómez 14-2º, onde se instalan os andaluces.

O neno estuda durante tres cursos ensinanza secundaria, con notas discretas, e durante outros tantos na Escola de Artes, con cualificacións extraordinarias.

A Coruña será, ademais, a cidade en que terá o seu primeiro contacto co amor (coas irmás Méndez Gil) e coa morte da súa irmá Conchita, en que nacerá a súa conciencia política ligada ao republicanismo do seu mecenas Costales e onde exporá por primeira vez.


O traslado de seu pai á escola de Barcelona supón o adeus da familia á urbe en abril de 1895. Á cidade coruñesa chegou un neno, e dela vaise un pintor. Nunca volverá pero sempre conservará o recordo da súa estadia: “É a cidade na que despertaron os meus sentidos, e iso é algo que nin o tempo nin a distancia poden borrar”, dixo moitos anos despois de marchar.

Un neno xenial

Picasso cultiva o seu talento pictórico na Escola de Belas Artes coruñesa baixo a tutela de seu pai –e doutros mestres coma o coruñés Román Navarro e o santiagués Isidoro Brocos– e acaba realizando dúas exposicións en dous escaparates da rúa Real.



Tras a primeira delas, o crítico de **El Diario de Galicia** compararoo con Giotto, mentres o de La Voz de Galicia lanzará un certo prognóstico: **“Continúe desta maneira e non dubide que acadará días de gloria e un porvir brillante”**. Na Coruña, nacerán temáticas que desenvolverá durante toda a súa vida, coma a bélica que acada o cume en **“Guernica”**, os mendigos aos que volverá na súa célebre etapa azul, as mulleres cos pés descalzos, os faunos ou os mosqueteiros.



Crítica da primeira exposición de Picasso, en Diario de Galicia (22-2-1895).



Retrato dun ancián barbudo (Esmoleiro) de Picasso. A Coruña, 1895. (.5)

Altar da igrexa de San Xurxo. A Coruña, 1894. (.6)



Esperando a vez de Picasso. A Coruña, 1895.

A Coruña, no selecto club de urbes picassianas

Picasso viu a súa primeira luz en Málaga mais é na Coruña onde nace o pintor. O seu paso posterior por Barcelona e Madrid é un paso previo á súa primeira visita a Francia, onde transcorrerá a maior parte da súa vida.

Málaga, Barcelona, París e Antibes contan hoxe en día cos catro maiores museos dedicados ao pintor no mundo, mentres o Reina Sofía de Madrid expón, entre outras obras, o monumental “Guernica”.

A Coruña, coa súa Casa-museo Picasso, colabora na difusión da obra e vida do considerado maior artista do século XX.

MÁS INFORMACIÓN EN:
www.visitcoruna.com

SÍGUENOS EN:

Turismo Coruña
Rúa Sol, Edificio Sol, s/n
15003 A Coruña
T 981 184 344
infoturismo@coruna.es



O mundo de Picasso

“**Eu descubrín todo un mundo, o meu mundo, en Galicia**”, recordaba Picasso máis de 60 anos despois de se ir. Tras unha infancia en Málaga marcada polo control familiar, na cidade galega concédennlle maior liberdade, a cal aproveita. “**A cidade máis divertida que coñecín**”, dixo da Coruña. O seu paso pola cidade deixou pegada en varios espazos arquitectónicos, coma a súa casa ou o Eusebio da Guarda, o Teatro Rosalía de Castro ou a Torre de Hércules; ou físicos, coma as praias de Riazor e Orzán ou o parque de Santa Margarida.

> *Responso pola morte de Conchita de Picasso. A Coruña, 1885. (.7)*

Praia de Orzán de Picasso. A Coruña, 1895. (.3)



Casa-museo Picasso
Paio Gómez, 14
T 981 189 854 /
T 010 (chamadas locais)
www.coruna.gal/cultura

En outubro de 1891, a familia Ruiz Picasso, procedente de Málaga, instalouse no segundo piso do número 14 da rúa Paio Gómez, onde vivirán até abril de 1895. É unha casa coruñesa de arquitectura típica, con galerías de madeira e na que se mantén a estrutura orixinal. Neste piso, o Concello da Coruña recreou unha vivenda do século XIX onde se poden ver reproducións da obra coruñesa de Picasso, así como un gravado orixinal do artista e o mellor cadro de seu pai, un “Palomar” con nove aves. Conta a lenda que, como seu pai estaba perdendo vista, as patiañas das pombas pintounas o neno.



Plaza de Pontevedra
Plaza de Pontevedra
O Eusebio da Guarda, hoxe instituto, é o mellor caso de Picasso estudou ensinanza secundaria, con malas notas, e Belas Artes, con excelentes cualificacións. No primeiro andar deste edificio, recibiu durante tres cursos clases de artistas coma seu pai, Román Navarro ou Isidoro Brocos. Ademais, aquí realizou as súas primeiras exposicións colectivas. Na praza exterior, o neno xogaba aos touros cos seus compañeiros, para o que usaban as chaquetas como muletas.



Praias de Riazor e Orzán
Á beira do parque de Santa Margarida, celebrábanse combates a pedradas. As praias de Riazor e Orzán, onde se entretían esquivando as ondas, son escenario dos xogos infantís de Picasso e dos seus amigos Constantino Sardina Muíños e Antonio Pardo Reguera. No primeiro deses areais, descubriu a nudez feminina mirando a través da pechadura dunha caseta de baño.



Real, 92
Real, 92
Nesta localización, encontrábase a farmacia de Gumersindo Pardo Reguera, que era, ademais de pintor, o pai do mellor amigo de Picasso, Antonio. O neno andaluz acudía todos os días a recollelo, e aproveitaba para ver as novas obras de Gumersindo, con quen o neno compartiu varios modelos, como Pérez Costales ou “La muchacha de los pies descalzos”. Hoxe en día, segue habendo unha botica nesta localización.



Don José Ruiz de perfil de Picasso. A Coruña, 1895. (.1)

Academia de Picasso. A Coruña, 1895. (.2)



Cemiterio de Santo Amaro
Orillamar s/n
A irmá pequena de Pablo, Conchita, morreu de difteria o 10 de xaneiro de 1895. Dous días despois, foi sepultada na terra no cemiterio xeral (hoxe Santo Amaro), na zona de párvulos do primeiro departamento, de onde os seus restos foron seguramente retirados anos despois. Neste camposanto foron enterrados tamén o seu mecenas Pérez Costales, os seus profesores Brocos e Navarro e o tamén pintor Pardo Reguera. As tumbas dos tres últimos aínda se poden visitar.



Torre de Hércules
Doutor Vázquez Iglesias, s/n.
Tlf: 981 223 730
torredeherculesacoruna.com

Picasso pintou “A Torre de Hércules” ao óleo nunha táboa. Tamén a debuxou nun dos periódicos manuais que fixo na Coruña: nese caso, presentouna sobre un prato e bautizouna como “Torre de caramelo”. Así é coma a chamaba seu pai, en alusión á cor do granito que a reviste desde o século XVIII. Moitos anos despois de marchar, Picasso recordaba as parellas que, non con intencións paisaxísticas, frecuentan aquel lugar apartado.



Real, 20
Real, 20
En febreiro de 1895, Picasso realizou a súa primeira exposición no número 20, no que entón era unha tenda de mobles. Recibiu dúas críticas excelentes na prensa tras mostrar diversos estudos de cabeza. En marzo fixo a segunda nesta mesma vía, crese que no número 54. Mostrou “El hombre de la gorra”, que hoxe conserva o Museo Picasso de París.



Plaza de María Pita
Plaza de María Pita
Teatro Rosalía de Castro
Rego de Auga, 37
Picasso acudiu a representacións teatrais de obras de Echegaray no hoxe denominado Teatro Rosalía de Castro, entón Teatro Principal. A praza de María Pita xa se chamaba así, mais só había doce casas construídas. A estatua da heroína, instalada en 1998, baséase nun deseño dun profesor da Escola Provincial de Belas Artes, González Jiménez, que era inimigo de seu pai.

